



ASOPORCEL - ASOCIACIÓN DE CRIADORES
DE GANADO PORCINO CELTA
Avda. Fábrica da Luz s/n
27004 Lugo
Lugo

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

Procedemento: Axudas para o fomento das razas autóctonas galegas, convocatoria 2018

Expediente núm.: LIXEN/2018/27/0001

Notifícolle que o 16 de marzo de 2018 foi emitida pola Consellería do Medio Rural a seguinte resolución de aprobación de axudas que a continuación se transcribe:

“ANTECEDENTES

- *Comprobouse que as solicitudes e a documentación presentada polos interesados ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas e se convocan para o ano 2018 (DOG núm. 242, do 22 de decembro), cumpren cos requisitos nela establecidos.*
- *Con data 12 de marzo de 2018 reuniuse o órgano colexiado e elaborou a proposta de resolución destas axudas para o ano 2018, atendendo ao establecido no Artigo 11. Tramitación e Resolución da Orde do 11 de decembro de 2017.*
- *De acordo con todo isto, a Subdirección Xeral de Gandaría emite a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*

BASES LEGAIS

- *Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zoas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea*
- *Real decreto 181/2015, do 13 de marzo polo que se modifica o Real Decreto 1625/2011, do 14 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas españolas.*





- Orde do 11 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas e se convocan para o ano 2018 (DOG núm. 242, do 22 de decembro).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Aprobar as axudas para o fomento das razas autóctonas galegas, polo importe que se indica ao beneficiario que se relaciona na seguinte táboa:

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	PROVINCIA	PUNTUACIÓN TOTAL	ADXUDICACIÓN
LIXEN/2018/27/0001	ASOPORCEL - ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE GANADO PORCINO CELTA	G27243500	Lugo	3	20.000

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición ante a Conselleira do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación de conformidade co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236 do 2/10/2015).

Tamén poderá interpoñer directamente, recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución aos interesados, consonte o esixido no artigo 40.1 da antedita Lei 39/2015.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente,

O xefe do servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal

David Mosteiro Blanco

